

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15027976	IES Poeta Añón	Outes	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	21/10/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

Datos básicos do centro

- Nome: IES POETA AÑÓN (Outes)
- Enderezo: Rúa Poeta Añón, 21 – A Serra de Outes (Outes) – 15230 A Coruña
- Correo electrónico: ies.poeta.anon@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/>
- Etapas educativas: ESO e ESA.
- Alumnado de ESO no curso 2024-2025: 126, con dous grupos en 1º e 3º de ESO. O grupo de 2º de ESO desdóbrase na maioría de materias ao ter en conta que o alumnado que presenta necesidades educativas especiais supón case o 25% do alumnado deste nivel. En 4º de ESO temos un grupo.
 - Alumnado de ESA no curso 2024-2025: 12
 - Profesorado no curso 2024-2025: 24

Contextualización do Plan Dixital no centro e contribución ao proxecto educativo

Este Plan Dixital forma parte das actuacións globais do centro e polo tanto incide de maneira directa no seu funcionamento a través da participación dos distintos departamentos didácticos que inclúen actuacións e actividades que permiten o seu desenvolvemento eficiente no traballo diario co alumnado do centro.

Agardamos que co impulso que se lle quere dar ao uso das tecnoloxías da información e da comunicacións no centro, recollido neste Plan Dixital, poidamos conseguir un uso racional que mellore a calidade do ensino no noso centro. Neste sentido, é evidente que se pretende influír positivamente no conxunto da Programación Xeral Anual de cara ao curso 2024-2025.

Xustificación do Plan Dixital en relación coa normativa vixente

Este Plan Dixital pretende favorecer un cambio metodolóxico que permita un mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo na aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social, e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos rapaces e das rapazas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información; en definitiva, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das mesmas como elemento esencial para informarse, aprender e

comunicarse.

Por outra parte, é de aplicación a normativa actual referida á elaboración do Plan Dixital do centro para a súa aplicación no curso 2024-2025:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan Dixital tivéronse en conta os resultado obtidos no SELFIE realizado polo profesorado e o alumnado do centro no mes de decembro de 2021, analizados polo equipo de dinamización do Plan Dixital.

Tendo en conta estes resultados elaborouse un documento de debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas (DAFO) que recolle a realidade do centro con respecto ao uso e desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación. Esta información e a colaboración de boa parte do profesorado do centro permitiu elaborar o Plan Dixital do curso pasado, desde a vía do consenso na procura dun uso racional e mellorado das ferramentas dixitais que permita mellorar a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe.

A partir dos resultados obtidos e mantendo como referentes os documentos previos antes mencionados elabórase este novo Plan Dixital para este curso.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida de información para a elaboración deste Plan Dixital foron os seguintes:

- AUTOAVALIACIÓN SELFIE
- TEST CDD
- ANÁLISE DAFO
- ANÁLISE DE RESULTADOS DO PLAN DIXITAL DO CURSO 2022-2023

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Uso limitado de dispositivos dixitais fóra do centro para tarefas de aprendizaxe.	Alumnado	Si
Debilidade	As familias soen carecer de formación dixital.	Familias	Si
Debilidade	Non se dispón de asistencia técnica fóra dos dispositivos do Plan E-Dixgal.	Infraestruturas	Non
Debilidade	A protección dos datos dos usuarios podería ser máis consistente.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non todos os docentes dispoñen de dispositivos dixitais.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O alumnado demanda un maior grao de retroalimentación por parte do profesorado cando se usan ferramentas de avaliación dixitais.	Oferta	Non
Debilidade	Non existe cultura de traballo colaborativo en rede por parte do profesorado.	Organización de centro	Non
Debilidade	O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Si
Debilidade	Non existe unha verdadeira estratexia dixital no noso centro.	Organización de centro	Si
Debilidade	Non se avalían, en xeral, os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Debilidade	Escaseza de intercambio experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Facilidade do alumnado, na súa maioría, para o acceso a dispositivos dixitais, tanto no centro como fóra do centro.	Alumnado	Non
Fortaleza	Agradece o uso de recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe.	Alumnado	Non
Fortaleza	Apoio ao labor docente desenvolvido no centro.	Familias	Non
Fortaleza	Boa receptividade coas comunicacións que se fan desde o centro.	Familias	Non
Fortaleza	Conexión a internet aceptable para unha parte do profesorado.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Dispositivos a disposición de todo o alumnado do centro dentro do Plan E-Dixgal.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Dispositivos a disposición do profesorado que imparte a materia dentro do Plan E-Dixgal.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Implementación do Plan E-Dixgal para todo o alumnado do centro.	Oferta	Non
Fortaleza	Uso maioritario por parte do profesorado de recursos dixitais no proceso de ensino aprendizaxe.	Oferta	Non
Fortaleza	O centro ten unha comunicación regular e ben organizada cos membros da comunidade educativa.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Implicación do profesorado para mellorar os seus coñecementos de tal xeito que lle faciliten o uso de tecnoloxías dixitais no ensino.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Participación en actividades de formación para o desenvolvemento profesional.	Persoal docente	Si

Fortaleza	Implicación nas tarefas básicas de mantemento de equipamento como pode ser a clonación de equipos cando se necesita.	Persoal non docente	Non
-----------	--	---------------------	-----

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Non recoñecemento da importancia do labor docente e da esixencia que supón para o profesorado.	Administración educativa	Non
Ameaza	Equipamento obsoleto que necesita ser substituído por novos dispositivos.	Administración educativa	Non
Ameaza	Exceso de traballo burocrático impropio da función docente.	Administración educativa	Non
Ameaza	Ao ser un concello rural a mellora das conexións a internet avanza lentamente e supón, en moitos casos, unha dificultade no uso das novas tecnoloxías nos fogares do noso alumnado.	Contorna	Non
Ameaza	Continuos cambios das leis educativas que ás veces provocan desencanto entre o profesorado.	Lexislación	Non
Ameaza	Esíxese que se cumpra con requisitos burocráticos que restan tempo para preparar recursos educativos dixitais que permitan mellorar a calidade do ensino.	Lexislación	Non
Oportunidade	Implementación do Plan E-Dixgal coa conseguinte dotación de equipamento para o ensino dixital.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A cantidade de alumnado do noso centro facilita unha boa atención ao mesmo en tódolos aspectos educativos, incluído o ámbito dixital.	Contorna	Non
Oportunidade	Nova lei educativa que fai fincapé na capacitación do alumnado e do profesorado para desenvolverse nun entorno no que cada vez máis se fai necesario un uso responsable e competente da tecnoloxía.	Lexislación	Non
Oportunidade	A colaboración entre a administración local e o centro educativo é moi boa, participando de forma conxunta en diversas actividades.	Outras	Non

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Mellorar a capacidade dixital do alumnado e facer máis seguro o uso de internet e redes sociais pola súa parte.
O02PD	Lograr unha maior competencia dixital do profesorado.
O03PD	Actualizar o inventario dixital do centro

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Uso limitado de dispositivos dixitais fóra do centro para tarefas de aprendizaxe.
Debilidade - Familias - As familias soen carecer de formación dixital.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades co alumnado	0	4				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitude de participación no programa "Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais".	31/10/2024	outubro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Alumnado de 2º ESO	

Acción	Data máxima	Temporalización
Organizar charlas sobre prevención da adición ao uso das pantallas.	31/05/2025	xaneiro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Todo o alumnado de ESO	

Acción	Data máxima	Temporalización
Plan de acción tutorial sobre o uso responsable das novas tecnoloxías	31/05/2025	xaneiro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado titor	
Destinatario	Todo o alumnado de ESO	

Acción	Data máxima	Temporalización
Organizar charlas e obradoiros para capacitar ao alumnado no uso seguro, responsable e proveitoso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Todo o alumnado de ESO	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidad - Organización de centro - O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

Debilidad - Organización de centro - Non existe unha verdadeira estratexia dixital no noso centro.

Debilidad - Persoal docente - Escaseza de intercambio experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.

Fortaleza - Persoal docente - Implicación do profesorado para mellorar os seus coñecementos de tal xeito que lle faciliten o uso de tecnoloxías dixitais no ensino.

Fortaleza - Persoal docente - Participación en actividades de formación para o desenvolvemento profesional.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades realizadas coa dotación de material de Polos Creativos.	0	2				
Número de profesorado participante nas actividades.	0	5				

4.3.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Solicitar a participaci3n nun programa de formaci3n para o profesorado relacionado coa implementaci3n dun Polo Creativo no centro.	06/11/2024	setembro, novembro, outubro
Responsables	Direcci3n do centro	
Destinatario	Profesorado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Formaci3n do profesorado no uso das novas Pantallas Dixitais Interactivas	20/12/2024	setembro
Responsables	Equipo do Plan Dixital	
Destinatario	Profesorado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Formaci3n de 10 horas de docencia sobre o uso da cortadora l3ser e a emisora de radio.	31/03/2025	xaneiro, febreiro
Responsables	Responsable da coordinaci3n.	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Utilizar o material de dotaci3n do Polo Creativo.	31/05/2025	xaneiro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado participante na formaci3n	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Grupo de traballo sobre os Polos Creativos (20 horas de formaci3n)	31/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Responsable da coordinaci3n.	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Creaci3n dun grupo de traballo sobre AMI: informaci3n e desinformaci3n.	31/05/2025	
Responsables	Responsable da coordinaci3n	
Destinatario	Profesorado do centro	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Infraestruturas - Conexión a internet aceptable para unha parte do profesorado.

Fortaleza - Infraestruturas - Dispositivos a disposición de todo o alumnado do centro dentro do Plan E-Dixgal.

Fortaleza - Infraestruturas - Dispositivos a disposición do profesorado que imparte a materia dentro do Plan E-Dixgal.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Dar de baixa o material obsoleto que non poda ter utilidade.	0	100				
Registro centralizado dos equipos e a súa ubicación nos distintos espazos do centro.	30	100				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Seleccionar os equipos obsoletos e documentar a súa baixa.	28/02/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, febreiro
Responsables	Equipo do Plan Dixital	
Destinatario	Comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar un inventario centralizado na nube cos equipos do centro e os espazos onde están ubicados.	31/05/2025	
Responsables	Equipo do Plan Dixital	
Destinatario	Comunidade educativa	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Na avaliación deste Plan Dixital inclúese o seguimento do plan de acción de cada un dos obxectivos de mellora propostos para este curso e a análise dos resultados observados pola persoa coordinadora TIC xunto co resto do equipo de dinamización do Plan Dixital.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Para cada un dos obxectivos de mellora indicados neste plan procederase a comprobar, na data prevista para o remate de cada unha das accións deseñadas, se a acción correspondente foi completada ou non. No caso de que fose necesario un axuste dos tempos tomaranse, por parte do equipo de dinamización, as decisións e accións necesarias para solucionar os aspectos que fosen convenientes co fin de conseguir os obxectivos fixados inicialmente.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Este Plan Dixital estará publicado na páxina web do centro.

Para que toda a comunidade educativa estea ao tanto disto, e por tanto do contido do Plan Dixital, utilizaranse o correo electrónico e o Abalar Móbil co obxectivo de informar sobre a súa publicación.

LIGAZÓN:

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Informe SELFIE	15027976_IES Poeta Añón_SELFIE_291121_171221.pdf
Informe CCD	15027976_IES POETA AÑÓN_CDD_17032022.pdf
Documento de infraestructuras	15027976_Infraestructuras.pdf